

O timo do Mercadona acada miles de vítimas por un falso vale de 150 euros.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 19 Agosto 2015 19:53

The image displays two screenshots of a fraudulent promotion for Mercadona. The left screenshot shows a survey form with the Mercadona logo and the date '18 agosto 2015'. The text asks to participate in a 1-minute survey to win a 150€ voucher. A large red 'FALSO' stamp is overlaid on the text. The right screenshot shows a fake 150€ voucher with the text '¿Seras nuestro ganador hoy?' and 'Tienes 01:06 para participar..'. A large red 'FALSO' stamp is overlaid on the voucher. Below the voucher is a call to action: 'Llama 806 535 455'.

Un concurso para ter acceso a vales por valor de 150 euros conseguiu estafar a miles de persoas. Trátase do "timo do Mercadona", unha nova fraude que se está difundindo por WhatsApp e SMS nos que se piden datos persoais aos usuarios para entrar nun concurso duns falsos cupóns.

A Policía alerta que ao dar os datos, subscriben ao usuario a un servizo Premium. Este tipo de fraude consiste na subscrición dun usuario a unha base de datos que lle envía información

O timo do Mercadona acada miles de vítimas por un falso vale de 150 euros.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 19 Agosto 2015 19:53

sobre certos temas (xeralmente xogos e concursos), pero cóbranlle por cada SMS recibido.

"Participa nesta enquisa de 1 minuto para conseguir un vale de 150 € de Mercadona", lese na web. O usuario é incitado a responder catro preguntas "para optar a 1 dos 50 vales dispoñibles". Pouco despois, solicitan os datos persoais e debes compartilo con 10 persoas en WhatsApp, segundo facilitou a Policía.

¡ALERTA! Supuestas promociones de vales de Mercadona por participar en "concursos" a un número premium o dar tu móvil para SMS... [#NOPIQUES](#)

— Policía Nacional (@policia) [agosto 19, 2015](#)

A empresa afectada, Mercadona, tamén emitiu un comunicado a través de redes sociais como Twitter ou Facebook no que asegura que non organiza entre os seus clientes algún "tipo de promoción e/ou sorteo, nin regala vales de compra". Da mesma xeito recomenda "non facilitar datos bancarios, nin ningún outro dato persoal, nin realizar ningún pago, nin chamada, nin pinchar ningún enlace".

Mercadona no organiza ningún tipo de promoción y/o sorteo, ni regala vales. [#NoPiques](#)

Gracias

[@policia](#)

[@guardiacivil](#)

pic.twitter.com/GHH1Dh95SO

— Mercadona (@Mercadona) [agosto 19, 2015](#)

"Si recibiches este tipo de email ou WhatsApp, facerche coñecedor/a de que se está usando a marca e/ou imaxe de Mercadona sen a nosa autorización. A Empresa procederá a exercer as accións oportunas en defensa dos seus intereses", finalizou o escrito que publicou en Internet.

O timo do Mercadona acada miles de vítimas por un falso vale de 150 euros.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 19 Agosto 2015 19:53
